

A ACTIVIDADE ROGATORIA E DE IMPULSO NO PARLAMENTO DE GALICIA

Xosé A. Sarmiento Méndez*
Universidade de Vigo

O tratamento dogmático das interpelacións e preguntas presenta numerosos aspectos equiparables que as fan merecentes dunha análise conxunta. Primeiramente, a totalidade da Cámara non participa na substanciación destes instrumentos parlamentarios que, comunmente se desenvolven na dialéctica bilateral entre un deputado e o responsable gubernamental de que se trate.

O Regulamento do Parlamento galego atribúe tamén a esta unicidade procedimental unhas consecuencias semellantes previstas nos artigos 158 e 159. Neste sentido introdúcese a existencia da «question time» obrigando a que, nas semanas nas que exista sesión ordinaria do Pleno, se dediquen dúas horas como tempo mínimo ó tratamento das preguntas e das interpelacións.

Nunha orde de cousas similar facúltase ós órganos rectores da Cámara (presidente e Mesa) para dar un tratamento especial a certas preguntas e interpelacións. Atopámonos no caso do primeiro dos suxeitos, ante a posibilidade para a acumulación e debate simultáneo destas iniciativas que, tratando do mesmo tema ou temas conexos entre si, se atopen incluídas nunha orde do día. No segundo dos supostos é a Mesa da Cámara a que, oída a Xunta de Portavoces, pode declarar non admisibles aquelas preguntas ou interpelacións que incurrisen no previsto polo Regulamento da Cámara no seu artigo 105; a saber, que se conteñan palabras ou se manifesten conceptos ofensivos ó decoro da Cámara ou dos seus membros, das

* Letrado do Parlamento
Profesor de Dereito Constitucional

institucións do Estado e de Galicia ou de calquera outra persoa ou entidade. Entendo que a actividade cualificadora da Mesa deberá de gardar unha xusta equidistancia entre o incuestionable dereito de expresión dos parlamentarios e os límites que vén asentando a coñecida como cortesía parlamentaria, en canto costume *secundum legem* integradora das expresións regulamentarias antes referidas.

I. Interpelacións

Non existe no Estatuto parlamentario galego unha definición das mesmas, pero á luz da experiencia parlamentaria autonómica podemos conceptualas como aquelas actividades do lexislativo de carácter plenario, nadas a instancia dun deputado ou de un grupo parlamentario que, posibilitando o debate entre tódolos suxeitos parlamentarios e o Goberno, non xeran «per se» a creación dun criterio da Cámara (1).

a) Suxeitos

Poden presentar interpelacións no Parlamento por unha banda, os deputados individualmente considerados, o que obviamente presenta problemas na concepción dun Parlamento grupal como é o noso na actualidade (2).

Por outra banda, os grupos parlamentarios poden tamén interpelar ó Goberno, sendo esta a vía máis habitual de esixir a presenza dos membros da Xunta ante a Cámara.

Son suxeitos pasivos das interpelacións cada un dos membros da Xunta e esta como tal órgano estatutario. A primeira destas posibilidades suscita o problema teórico da idoneidade das interpelacións dirixidas ó presidente da Xunta. Entendo que, a pesares do silencio regulamentario non existe argumento algún que prohiba que o presidente do executivo sexa o destinatario

(1) Para unha reflexión constitucional sobre a definición das interpelacións pode consultarse a STC. 225/1992, do 14 de decembro.

(2) No dereito parlamentario español só o artigo 94.2 do Regulamento da Asemblea de Ceuta atribúe en exclusiva ós parlamentarios a facultade de presentar interpelacións.

das interpelacións de deputados e grupos. O goberno, como interpelado pon de actualidade o que se coñece como «responsabilidade política colexiada», isto é, a posibilidade de que calquera membro do mesmo responda de xeito solidario fronte as interpelacións suscitadas na Cámara.

b) Procedemento

As interpelacións deberán presentarse por escrito, o que para A. Yanes vén a demostra-lo abandono do principio da oralidade no parlamentarismo contemporáneo (3), debendo ademáis dirixirse á Mesa do Parlamento.

O seu obxecto debe de versar sobre os motivos ou propósitos de actuación do Executivo ou de calquera das consellerías. Esta redacción regulamentaria parece indicar necesariamente que o contido da interpelación trate sobre a actuación futura dos órganos de goberno, impedindo dalgún xeito que a materia a tratar sexan actuacións pasadas do Executivo, posto que para esta finalidade servirán outros instrumentos parlamentarios máis xenéricos (preguntas e sesións informativas).

A amplitude do contido das interpelacións vén xerada polas moi variadas materias ás que poden afectar, xa que o Regulamento admite que as materias de política xeral ou cuestións de acentuada relevancia.

Un paso moi relevante na tramitación das interpelacións é o da súa cualificación pola Mesa da Cámara, establecéndose a este respecto a posibilidade de que aquela acorde comunicar ó seu autor a conversión da interpelación en pregunta, sexa con resposta oral ou por escrito. Non está previsto no caso galego que a reiteración das interpelacións sexa causa de inadmisión como así ocorre noutros regulamentos parlamentarios autonómicos (4).

(3) No seu traballo «Mocións, interpelacións e preguntas» na obra colectiva *Parlamento e control do Goberno*. V Xornadas da Asociación Española de Letrados de Parlamentos. Editorial Aranzadi, páxina 265.

(4) Así, no artigo 148 do Regulamento do Parlamento vasco ou 199 do Regulamentos das Cortes de Aragón e 200, apartado 2º do Regulamento da Asemblea de Madrid.

Os prazos de substanciación das interpelacións son bastante rápidos, prevéndose a posibilidade da súa inclusión na orde do día do Pleno quince días despois da súa publicación no Boletín Oficial da Cámara, prazo que resulta razoable tendo en conta a trascendencia política destes instrumentos e dos prazos previstos no Regulamento para outros de menor relevancia práctica (5).

Un último aspecto subliñable do procedemento é o que afecta á inclusión na orde do día. O Regulamento fala dunha cota que vén constituída por unha interpelación por cada tres deputados, cun límite máximo de dous por grupo parlamentario para seren incluídas nunha mesma orde do día. Con carácter xeral aplicárase tamén o principio «prior tempore potior iure», o que provoca en ocasións certos recelos entre os grupos parlamentarios por anticipacións maliciosas na presentación de iniciativas ante o Rexistro da Cámara.

c) Decaemento

Ó finalizarse o período de sesións as interpelacións convírtense en preguntas escritas, que deben de ser contestadas antes do inicio do seguinte período de sesións. Non obstante, o Regulamento posibilita o mantemento das interpelacións por parte dos seus autores, o que esixe a constancia escrita da vontade de que tales iniciativas se manteñan.

d) Debate

O tratamento plenario das interpelacións debe producirse como moi tarde na segunda sesión plenaria despois de publicada, se ben esta previsión regulamentaria é incumprida reiteradamente pola práctica da Cámara galega, debido ó inxente número de interpelacións que presentan os distintos actores parlamentarios. A Mesa do Parlamento, a través dunha Resolución do 17 de abril de 1984 fixou os criterios para levar á práctica a substanciación das interpelacións, evitando que polo transcurso de dúas sesións aquelas

(5) Recordemos que as preguntas necesitan sete días para ser incluídas na orde do día das comisións e as proposicións non de lei dez días coa mesma finalidade, segundo expresa a Resolución da Mesa do Parlamento do 20 de xuño de 1986 (BOPG núm. 40 do 11 de xullo).

caducaran producindo uns efectos contrarios ós que o Regulamento desexaba coa inclusión do citado prazo.

O debate iníciase cunha rolda de exposición cunha duración de dez minutos, seguida dunha contestación por parte do responsable gubernamental coa mesma duración, e candansúa rolda de réplicas de cinco minutos. Críticase por parte da doutrina a atribución dun turno ós distintos grupos parlamentarios que non son autores da interpelación posto que, en ocasións, desdebúxase notablemente a intención orixinaria do autor da mesma, que ve limitado o seu protagonismo o igualarse a súa participación á dos restantes grupos.

II. Mocións

A. Definición

Unha aproximación ó réxime xurídico das mocións pode definilas como aqueles instrumentos parlamentarios nos que a Cámara, previa deliberación plenaria, manifesta o seu posicionamento sobre unha proposta de resolución referida a un tema previamente debatido nunha interpelación.

Esta concepción non pode implica-lo descoñecemento das distintas acepcións que o Dereito parlamentario acolle o termo «moción» e que veñen de ser analizadas por A. Yanes (6): as mocións incidentais, as mocións de peche do debate e as mocións-resolucións. Obviamente a figura que se comenta aquí se encuadra dentro das últimamente citadas, grupo no que se poden incluír tamén as mocións relacionadas coa retirada da confianza parlamentaria (censura e confianza) e as que se conteñen nas proposicións non de lei.

O sistema estatutario de Galicia se perfila como un réximen de colaboración de poderes e polo tanto as mocións se presentan como un instrumento de gran potencialidade polas consecuencias de carácter político

(6) Op. cit. supra páxina 255.

que poden conlevar e que teñen sido experimentadas reiteradamente no dereito comparado (7).

As mocións preséntanse así como un instrumento parlamentario apto para a esixencia de responsabilidade política ós conselleiros, aspecto este que M. Saward considera esencial dentro dos principios rectores da democracia deliberativa e que entendo perfectamente trasladable ó réxime parlamentario galego (8).

B. Suxeitos

Os lexitimados para presentar unha moción sobre segundo o Regulamento os grupos parlamentarios autores da interpelación da que trae causa. Esta delimitación dos suxeitos é incoherente posto que, como xa referín os autores das interpelacións poden ser tanto deputados como grupos parlamentarios e, polo tanto entendo que a interpretación máis coherente é a que permite tamén que as mocións sexan suscritas por parte de deputados individualmente considerados.

Grupos parlamentarios e deputados contan cun prazo de tres días hábiles para a presentación das mocións, de acordo ó réxime xeral establecido no artigo 95 do Regulamento.

O obxecto constitucionalmente admisible das mocións e, segundo a STC 205/1990, do 13 de decembro, moi amplo, xa que se atopa incluído dentro do «ius ut procedatur» dos parlamentarios e non impide que verse sobre materias legislativas.

C. Procedemento

A moción sométese *a limine* á calificación da Mesa do Parlamento, sendo esta unha fase de particular relevancia práctica (9), xa que se suscita na súa

(7) Así Humberto Nogueira Alcalá: «O control parlamentario en Chile». *Contribucións* 4/97. Páxina 31.

(8) Así, Michel Saward: *Government and Oposition*. Volume 33. Number 4. Páx. 519-528.

(9) Deste xeito o ten considerado o TC na súa sentenza do 13 de febreiro de 1995 respecto ás mocións previstas no artigo 190 do Regulamento do Parlamento de Navarra.

plenitude o problema da congruencia que a moción debe gardar respecto á interpelación orixinaria. Dous criterios se teñen defendido nesta materia: por unha banda, deféndese que o proceso interpretativo se faga entre o enunciado da interpelación tal e como se publicou no Boletín Oficial da Cámara e o texto da moción que se tenta de debater; outra postura defende que o contraste se faga tomando en consideración o debate plenario da interpelación, que como é obvio, pode ter un ámbito de debate moito maior que o mero texto literal da interpelación.

A previsión subseguinte é a de que a moción sexa incluída de xeito urxente na orde do día da seguinte reunión plenaria, o que favorece a actualidade do debate, pero en ocasión provoca unha excesiva redundancia na temática dos debates parlamentarios concentrados nun período de tempo moi limitado.

Os distintos grupos parlamentarios contan coa posibilidade de presentar emendas ata seis horas antes do comezo da reunión do pleno, o que a pesares de parecer como un prazo suficientemente amplo deixa un período de enfriamento razoable, xa que as mocións non adoitan incluírse nos primeiros puntos da orde do día dos plenos no Parlamento de Galicia.

O Regulamento remite as normas establecidas para as proposicións non de lei no tocantes ó debate e votación das mocións, o que suscita a dúbida de se é de aplicación a práctica parlamentaria existente nas comisións da Cámara galega de admiti-las transaccións sobre as propostas de resolución aínda que non foran presentadas emendas ó respecto. Entendo que a coñecida como dispoñibilidade do dereito parlamentario, posibilita a existencia destas transaccións tamén no pleno da Cámara, sempre e cando ningún deputado formule as súas reservas ó respecto (10).

(10) Sobre a dispoñibilidade dos procedementos xurídicos en xeral é de interese o recente artigo de Antonio Aguilera Fernández: «Dereito Constitucional e Dereito Divina» publicado na Revista *Leviatán* nº 70, 1997, páxs. 5 a 18

III. Preguntas

A. Suxeitos

Trátase dunha facultade parlamentaria de carácter individual, que polo tanto se atopa prohibida para os grupos parlamentarios. O Tribunal Constitucional no seu Auto 147/1982, do 22 de abril (caso Iglesias Selgas), delimitou claramente que as preguntas parlamentarias se presentan en exercicio dunha actuación individual de deputados e senadores, sen que en ningún caso poida entenderse que os parlamentarios ostenten o carácter de «poderes públicos» no sentido do artigo 41.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional. Desenvólvese pois, unha función de control no Parlamento pero non de control polo Parlamento, seguindo a distinción doutrinal xa coñecida.

Os suxeitos pasivos das preguntas son a Xunta e os seus membros individualmente considerados, o que pon de novo de actualidade a teoría da responsabilidade política colexiada do Goberno, que posibilita o control por parte dos deputados de cada un dos conselleiros e do Goberno na súa totalidade. O aspecto máis polémico preséntase a partir da ausencia do presidente do Executivo nos debates parlamentarios das preguntas. Frente a opinións de dereito comparado como as de M. Mopin que consideran no ámbito francés como unha deturpación do parlamentarismo a ausencia do primeiro ministro nos debates da Cámara, a práctica parlamentaria galega vén admitindo (non sen repetidas queixas da oposición) a substitución sistemática do presidente do Executivo por un conselleiro na resposta das preguntas orais ante o pleno (11).

B. Procedemento

Segundo os criterios xerais as preguntas deben presentarse por escrito e ante a Mesa do Parlamento. Esta debe proceder a súa cualificación, labor

(11) Vid. Michel Mopin: «La présence du gouvernement dans les assemblées». *Revue de droit public et de science politique*. 1986.

que no ámbito autonómico resulta máis sinxela que no caso das Cortes Xerais ó non existi-lo problema das materias clasificadas, que de tódolos xeitos non supoñen como vén de subliñar Alba Navarro unha regra xeral de actuación nun sistema de goberno democrático (12).

Os criterios regulamentarios para admitir ou non as preguntas son no dereito parlamentario galego dous. En primeiro lugar que se trate de preguntas de interese exclusivo persoal. Esta expresión debe interpretarse ó meu xuízo de xeito restrictivo, existindo a presunción de que a pregunta se atopa dalgún xeito unida ás funcións do parlamentario en canto representante popular. Somentes nos supostos nos que o interese singularizado sexa moi claro, procederá un expediente contradictorio entre a Mesa e o autor da iniciativa, para que este xustifique o interese público da mesma. Non se trata dunha limitación especial e descoñecida noutros ámbitos parlamentarios, (pensemos no problema do pago por parte lobbies de cantidades de diñeiro a cambio da presentación de preguntas parlamentarias por parte dos membros da Cámara dos Comúns en Inglaterra). Trátase de conductas que merecen un tratamento sustantivo no seo dos foros de análise e dictame do estatuto dos parlamentarios nas cámaras (13).

A segunda limitación consiste na inadmisión das preguntas que supoñan unha consulta de índole estrictamente xurídica. A pesar da posibilidade de fraudes de lei nesta materia, a práctica parlamentaria autonómica non adoita coñecer habitualmente este tipo de preguntas, que cando se formulan, buscan indirectamente unha crítica política e non o estricto asesoramento legal.

(12) Cfr. Manuel Alba Navarro. «Parliament and Official Secrets». *Constitutional and Parliamentary Information*. Páxs. 143 a 159. Neste mesmo sentido, Enrique Álvarez Conde «O temor do príncipe e o temor ó príncipe (Secretos de Estado e Constitución)». *Poder Xudicial* núm. 45. Páxs. 11 a 30.

(13) Así, Alan Doig: «Cash for Questions»: Parliament's Response to the Offence that Dare Not Speak its Name». *Parliamentary Affairs*. 1998. Páxs. 37 a 49. Nesa mesma liña: First Report of the select Committee on Standards and Privileges, *Complaints from Mr. Mohamed Al Fayed, the Guardian and others against 25 Members and former Members (1997-1998)* HC 30.

C. Tipos

1. *Orais en pleno.*

A regulación autonómica destas preguntas merece a cualificación de restrictiva e así atopamos varios límites a esta clase de iniciativas.

En primeiro lugar a pregunta debe de limitarse no seu contido a unha «concisa e estricta formulación dunha sola cuestión, interrogando sobre un feito, unha situación ou unha información». Esta limitación incúmprese de xeito sistemático e así, non é extraordinario que no Boletín Oficial do Parlamento se conteñan preguntas desglosadas en interminables cuestionarios que sorteian a limitación regulamentaria. Ademais, o obxecto das preguntas é máis comunmente unha actuación política ou xurídica da Xunta e incluso unha valoración desta acerca dalgún aspecto político concreto.

O segundo límite afecta ó contido da pregunta, debendo versar «sobre se a Xunta tomou ou vai tomar algunha providencia en relación con algún asunto». Esta descrición regulamentaria resulta un tanto enigmática polo xenérico da expresión «tomar providencia» que, entendo, debe facerse sinónimo de calquera tipo de actuación por parte do Executivo.

A terceira das limitacións fala de que a pregunta trate sobre se o Goberno galego «lle vai remitir ó Parlamento algún documento ou informal acerca dalgún extemo». Esta redacción parece subliña-lo carácter instrumental da función informativa das preguntas respecto da xenérica posición de control que ostentan os parlamentarios. Nembargantes, obsérvase que as preguntas teñen substantividade propia en moitas ocasións, sendo os seus autores os portavoces sectoriais dos grupos parlamentarios que asumen no caso galego unha posición semellante ó do «gobierno na sombra» existente no Parlamento inglés (14).

(14) Para unha reflexión acerca da importancia do «Shadow government» pódese consulta-lo traballo de Karlheinz Neunreither: *Governance without Opposition: The Case of the European Union*. Publicado en *Government and Opposition*. Volume 33. Number 4. Páxs. 419 a 442.

O procedemento que seguen ás preguntas prevé a existencia de sete días de «enfriamento», que non atopan unha fácil xustificación e que ademais poden ser exceptuados polo trámite especial do artigo 155, apartado 5 do Regulamento e polo procedemento das preguntas urxentes que a Mesa do Parlamento vén de concretar a través da norma supletoria do 8 de setembro de 1998 (15).

O máis relevante da Disposición que vimos de comentar é a fixación dunha cota de preguntas en cada período ordinario de sesións para cada Grupo Parlamentario, fixada en unha por Grupo Parlamentario e outra máis por cada tres deputados membros do mesmo grupo. Así mesmo establécese como límite a inclusión dunha pregunta urxente por cada Grupo Parlamentario na orde do día de cada sesión plenaria, imputándoselle a cota do deputado ou do Grupo Parlamentario que a formulou para os efectos previstos no artigo 155.2 do Regulamento.

O dato cuantitativo de que as preguntas son os instrumentos parlamentarios máis numerosos con moito dos formulados no parlamentarismo contemporáneo provoca a necesidade da regulación dun «cupo» para os autores das mesmas. Deste xeito o dereito parlamentario galego atribúe a prioridade na tramitación das preguntas feitas por aqueles deputados menos activos, é dicir, os deputados que aínda non formularon preguntas no Pleno no mesmo período de sesións.

Por outra banda de xeito insólito atribúese ó presidente do Parlamento e non á Mesa a facultade de fixa-lo número de preguntas que se van incluír na orde do día de cada sesión plenaria e o criterio de distribución entre deputados correspondentes a cada Grupo Parlamentario.

O debate das preguntas plenarias parte da concisa formulación da pregunta polo deputado, expresión que incorre nunha obvia redundancia coa definición que o Regulamento ofrece das propias preguntas. Os tempos de intervención fixéxense polo presidente se ben o límite regulamentario é de cinco minutos pasándose dun xeito «expeditivo» á intervención do responsable

(15) Vid. BOPG núm. 151, do 1 de outubro de 1998. Páx. 5.482.

gubernamental e finalmente ás eventuais réplicas. É de subliña-la defectuosa redacción do apartado terceiro do artigo 155 que refire o término «interpelación» cando o que está a regular son as preguntas plenarias. Cecais sexa este un dos instrumentos parlamentarios que merezan unha reforma que posibilite a introducción de outro turno para o preguntante e o membro do Goberno nos supostos de preguntas de singular interese ou relevancia política subliñable.

Por último existe a posibilidade de que o Goberno Galego solicite a posposición do tratamento das preguntas a debater na sesión plenaria. Se ben é preciso que se trate dunha solicitude motivada e só pode producirse nunha ocasión, a amplitude temporal na que o Goberno pode facela merece ser criticada parecendo convinte o establecemento dun prazo límite para esa solicitude de aprazamento, co que se evitaría o penoso espectáculo da modificación substancial das ordes do día cando se pospoñen un número importante de preguntas.

2. Orais en comisión

Trátase dunha das grandes funcionalidades do sistema de comisións no parlamentarismo moderno tanto no ámbito anglosaxón (onde tivo o seu nacemento) coma no do dereito parlamentario continental (16), posto que as preguntas orais son, con diferenza, as iniciativas máis sustanciadas nas Comisións da Cámara.

O procedemento desta clase de preguntas vese condicionado pola necesaria espera de sete días para a súa substanciación dende a súa recollida no Boletín Oficial da Cámara. Este requisito é criticado habitualmente polas mesas das comisións que non adoitan comprende-lo prazo de publicidade tan amplo que o Regulamento contén nesta materia.

O debate en comisión goza dunhos turnos máis amplos de 10 e 5 minutos respectivamente, o que posibilita un tratamento máis concienzudo

(16) Así pode consultarse o recente traballo de S. G. C. Malhotra: «A Structure for Detailed Parliamentary Work». Practice & Procedure. *The Parliamentarian*. Xullo 1998, páx. 263 a 266.

de cuestións que habitualmente teñen facetas máis técnicas e menos políticas que as preguntas orais plenarias.

No tocantes ós suxeitos pasivos destas preguntas cabe dicir que o Regulamento galego opta por unha enumeración favorecedora dos intereses do Executivo o posibilitar que poidan ser contestadas por calquera representante gubernamental incluso os subdirectores xerais, sendo este o único suposto no que estos altos funcionarios comparecen ailladamente ante a Cámara. Non se di nada sobre a posibilidade de que o presidente da Xunta conteste ás preguntas en comisión cando noutras comunidades autónomas si está previsto este trámite, e pode resultar de interese (17).

As preguntas son privilexiadas regulamentariamente cun réxime de garantía da súa tramitación consistente en que rematado un período de sesións as preguntas pendentes tramitaranse como preguntas con resposta escrita, debendo ser contestadas antes do inicio do seguinte período de sesións. Como se verá esta «degradación» das preguntas orais en comisión ten a medio prazo efectos favorables respecto á súa inmediata substanciación no vindeiro período de sesións.

3. Escritas

Esta clase de iniciativas individuais descoñécense en algúns ámbitos parlamentarios que non nos son moi alleos (18), o que choca ca existencia no noso caso de varios mecanismos que poden equipararse a elas (solicitude de información dos deputados, solicitudes das Comisións, Comisións de enquisa ...).

A contestación por escrito das preguntas debe producirse dentro dos 20 días dende a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara se ben a Mesa

(17) Non esquezamos nembargantes que no caso galego o presidente debe ser parlamentario e, polo tanto sempre poderá asistir ás Comisións, se ben na súa condición de deputado e non de membro do Goberno.

(18) Así no dereito parlamentario chileno tal e como nos recorda Umberto Nogueira Alcalá no seu traballo «O control parlamentario en Chile». Contribucións 4/97, páx. 32, na que se postula a necesidade de eleva-lo carácter de disposición constitucional o dereito dos deputados a solicitar información ós ministros do Estado.

do Parlamento pode prorroga-lo prazo outros 20 días máis a solicitude motivada do Goberno galego. Dúas consideracións merece este réxime xurídico. En primeiro lugar a concesión dun prazo prorrogado xenérico de igual duración choca co principio xeral do dereito parlamentario galego de que as prorrogas se concedan só excepcionalmente e coa duración máxima doutro tanto do prazo e, por outra banda, entendo que a petición motivada da Xunta debe de pormenoriza-las razóns obxectivas que impiden á Administración dar satisfacción á demanda de información por parte do deputado, que so rara vez se xustificará da complexidade da información a remitir. Como ven de subliñar G. Oberto os medios informáticos ó servizo da Administración poden ser un medio auxiliar relevante pero nunca poden reemplaza-la vontade política nin a dilixencia dos responsables públicos (19).

Se a Xunta non envía a contestación nos prazos citados o presidente do Parlamento a instancia do autor da pregunta ordenará que se inclúa na orde do día da seguinte comisión competente, onde recibirá o tratamento das preguntas orais dándosele conta de tal decisión ó Goberno galego. Esta sanción regulamentaria provoca que ó inicio dos períodos de sesións se produzan ordes do día interminables nas comisións parlamentarias pola desidia que nas vacacións parlamentarias a Administración Pública de Galicia ten na contestación das preguntas pendentes e escritas e das orais «degradadas» pola finalización do anterior período de sesións.

(19) Cfr. Giacomo Oberto: «Le rôle de l'informatique dans le processus d'elaboration des lois», publicado en *Informatica e diritto*, vol. VIII /1997)- nº 1. Páxs. 133 a 158.